

INFORMACIÓN SOBRE O ACIVRO:

Descrición:

- É unha árbore de crecemento lento, pero pode chegar a 10 ou máis metros de altura e adoita vivir arredor de 100 anos.
- Na idade adulta a morfoloxía da distribución das pólas é de tipo piramidal.
- O tronco e recto, liso e de cor gris.
- É unha arbore e de folia perenne.
- As follas son ovaladas, de cor verde escura ou verde con bordos amarelos segundo as variedades de acivro. Polo envés a cor é verde amarelada mate.
- O bordo da folia é espiñento, e a consistencia das mesmas é ríxida e coiruda.
- É unha árbore dioica, iso quere dicir que hai individuos machos e individuos femias. Ámbolos dous florecen pero só as árbores femias terán os froitos vermellos no outono-inverno.
- O seu froito é pouco carnoso (drupa), de forma globosa/elipsoidal de cor verde pero cando madura (entre outubro e novembro) vólvese de cor vermello-brillante ou amarela intensa. Mantense moito tempo na árbore, mesmo todo o inverno. No seu interior adoita ter 4-5 sementes (pirenos).
- O FROITO É MOI TÓXICO PARA OS SERES HUMANOS. Pero é moi bo alimento para aves e roedores nunha época do ano na que escasean os alimentos na natureza.

Coidados do acivro

Coidados dos acivros que se cultivan en macetas:

- Hai que ter un espazo exterior para telo, si se ten nun piso, debe ter unha terraza ou balcón para poñelo nel.
- Lévese moi mal coas calefaccións das casas. Pola contra soporta moi ben o frío. (OLLO! Hai que protexer a terra da maceta cun acolchado de palla, follas secas ou herbas se nos días máis duros o inverno hai xeadas).
- Situalo nunha zona de exterior onde a sombra premodomine a meirande parte do día, pero que poida recibir luz natural todo o tempo que esta exista. O tempo de exposición á luz directa do sol debe ser curto no inverno. No verán hai que evitar que a luz do sol lle dea directamente, porque nesta época do ano esta luz é moi intensa e danaría á planta.

- Pero se nos meses de verán na terraza ou balcón vai estar exposto a temperaturas moi altas, moitas horas seguidas, hai que valorar a posibilidade de telo no interior da vivenda, se nesta as temperaturas son máis frescas que no exterior, nese caso hai que poñelo nun lugar onde poida recibir a maior cantidade posible de iluminación natural (pero sempre lonxe de fontes de calor), e sempre regalo con frecuencia cando se vexa que a terra se reseca moito.
- Require regas frecuentes, tanto máis, canto máis seco sexa o ambiente no que se ten a maceta. Mesmo estando no exterior en terrazas ou balcóns, nos meses máis cálidos do verán precisa regas diarias. Pola contra, no inverno abonda con 1 ou 2 regas á semana.
- Cando se regue, débese facer mollando directamente a terra e evitando mollar as follas e os froitos que teña.
- De cando en vez (se vemos que as follas perden brillo e tenden a murchar), hai que fertilizar a terra da maceta con fertilizantes ricos en nitróxeno.

Neste enlace

<https://www.youtube.com/watch?v=b89O5E1XvpA>

pódese consultar un vídeo onde se fala das súas características e os coidados que requiren para unha correcta floración.

Cambio de maceta:

Ao medrar o acivro, a maceta quedaráselle pequena. Cando se cambie de maceta débese ter en conta o seguinte:

- a) O mellor momento para facer o trasplante do acivro é dende finais do verán ata principios do inverno.
- b) Escoller unha maceta grande abondo que garanta que o acivro poida medrar sen problemas durante un período longo de tempo e acadar o tamaño que se pretende que teña. Comprobar que a profundidade da nova maceta é maior que a planta co cepellón.
- c) Hai que asegurarse que ten furados na base que permitan saír aos excedentes de auga das regas.
- d) Empregar na nova maceta terra rica en nutrientes e unhas poucas pedras porosas. Unha alternativa interesante é mesturar a terra rica en nutrientes con terra para cactus, porque esta terra ten arcilla e outros elementos porosos que evitarán que un exceso de humidades dane a planta.

- e) Colocar no fondo da nova maceta unha capa de pedras para facilitar que filtre a auga e evitar que un exceso de regas poña ás raíces da planta en perigo de podrecer.
- f) Encher a maceta ata a metade coa terra mencionada no apartado c) ata a metade da súa capacidade aproximadamente. É un bo momento para incorporarlle algo de fertilizante rico en nitróxeno.
- g) Introducir nela a totalidade do cepellón coa planta completa procedente da maceta pequena, o máis centrado posible. Enche o seu arredor con máis terra ata chegar a cubrir todo o cepellón.
- h) Se non se puxo antes o fertilizante, pódese incorporara agora.
- i) Poñer a maceta nun trípode ou soporte cun prato/bandexa... debaixo para podela mover a onde máis interese e para evitar mollar o chan co excedente da auga das regas.

Nas primeiras semanas cómpre poñer moita atención para regular ben as regas, a luz que recibe e a temperatura do lugar onde se sitúa, ata comprobar que a planta segue medrando con normalidade e superou o trasplante.

Poda do acivro:

Para que o acivro se manteña con saúde nun piso/terraza/balcón, e teña un bo aspecto nas súas follas e conseguir que, se é femia, teña as vistosas froitas vermellas, e ademais mantelo cun tamaño adecuado ao espazo do que dispoñemos, cómpre podalo, para elo hai que ter en conta:

Para facer a poda correctamente segue estes pasos:

1. A época de poda é o outono e o inverno.
2. Usa tesoiras de poda pequenas o medias que estean desinfectadas cun pouco de alcohol de farmacia.
3. Corta os tallos que estean secos ou con mal aspecto, así como os que sobresaian moito da estrutura normal do arbusto.
4. Fai o corte sempre xusto por riba dos nós das pólas, deixando o nó sen tocar.
5. Aproveita para revisar o seu estado xeral e detectar e tratar algunha posible enfermidade
6. Si detectas algunha parte enferma, hai que localizar o punto san máis próximo ao tallo principal e cortar deixando só esa parte, eliminando toda a póla enferma.

As pólas cortadas pódense utilizar para os adornos do Nadal ou decorar as casas.

Enfermidades do acivro:

Só comentar que as pragas e enfermidades máis comúns que padece son as seguintes:

- Mofo
- Fungos

- Formigas
- Mosca branca
- Cochinillas
- Cochinilla algodonosa
- Pulgón negro, verde e amarelo.

Cómpre recoñecer que tipo de praga padece para poder dar co mellor produto que sexa específico para esa especie. O mellor é recorrer a unha persoa especialista.

Pero cando os coidados non son correctos adoitan aparecer estes problemas:

- Podrecer e/ou afogar polo exceso de regas, ou porque a maceta teña unha mala drenaxe.

Neste caso a planta ponse moi escura, con enrugas e branda. Hai que axudarlle a eliminar o exceso de auga da maceta, mesmo chegando a trasplantala colocándolle terra nova sen regar, se o exceso de auga fóra moi grave.

- Queimaduras e sequidade por sol directo, falta de auga e/ou clima con ventos moi cálidos.

Neste caso estará amarelada, marrón e reseca, precisa un cambio do lugar para que non lle dea tanto o sol e o vento seco e tamén hai que facer a rega directa da terra.

Observacións para o paso de maceta á terra dun xardín, bosque,:

Moito do dito para os coidados en maceta son de aplicación para este tipo de trasplante.

Sobrevive ben en calquera tipo de terra, pero medra mellor en terreos ácidos e con boa drenaxe.

Cando é pequeno débese manter en semisombra.

Soporta mal o desecamento, polo que no verán débese regar con frecuencia (comprobar a terra e cando se vexa seca abondo, regala), no inverno non precisa tantas regas, mesmo un exceso de auga pode ser causa de que podrezan as raíces.

Débese esperar ata os meses de xaneiro-febreiro para pasalo da maceta á terra do xardín ou terreo, e aínda mellor se a lúa está no devalo (lúa minguante).

Admite ben a poda. Por iso pódese empregar para facer cortaventos ou peches de fincas, sebes ou valos.

Outros consellos:

Os froitos do acivro non se deben coller porque:

É unha especie protexida porque se empregou en exceso para facer os adornos de Nadal nas décadas pasadas.

Serven de alimento para moitos animais, que, ademais de alimentarse deles, contribúen á súa reprodución ao dispersar as sementes.

Hai que ter coidado con eles se hai nenas ou nenos pequenos na casa, porque ao seren moi rechamantes pola súa cor, poden inxerilos e SON VELENOSOS PARA O SER HUMANO, PODENDO CAUSAR A MORTE.